

tado sexa unha solicitude de devolución e xestionables a través de entidades colaboradoras», inclúese o seguinte modelo de declaración:

Código de modelo: 353.

Denominación: Grupo de entidades. Modelo agregado. Autoliquidación mensual.

Períodos de ingreso: M.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de novembro de 2007.—O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

*(Os modelos a que alude esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 286, do 29 de novembro de 2007, páxinas 48826 a 48831.)*

**20485** *ORDE EHA/3435/2007, do 23 de novembro, pola que aproban os modelos de autoliquidación 117, 123, 124, 126, 128 e 300 e se establecen medidas para a promoción e ampliación da presentación telemática de determinadas autoliquidacións, resumos anuais e declaracións informativas de carácter tributario. («BOE» 286, do 29-11-2007.)*

Co obxecto de se adaptar á nova normativa establecida para as autoliquidacións complementarias no artigo 119 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, faise necesario modificar o formato de diversos modelos de autoliquidación de modo que se inclúan recadros que indican se se trata ou non dunha autoliquidación complementaria para consignar expresamente a dedución do ingresado en declaracións anteriores do mesmo tributo, exercicio e período. Así mesmo, no modelo de autoliquidación referente ao imposto sobre o valor engadido, considérase conveniente, para facilitar a súa formalización e poder efectuar as validacións oportunas, introducir un recadro independente para consignar a regularización das deducións provisionais unha vez calculada a pro rata definitiva no último período de liquidación do exercicio.

Por outra parte, a Axencia Tributaria veu prestando nos últimos anos unha especial atención ás posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías para lles facilitar aos cidadáns o cumprimento voluntario das súas obrigas tributarias. Neste sentido, os logros que se acadaron foron notables, especialmente desde a promulgación do Real decreto 263/1996, do 16 de febreiro, polo que se regula a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado, ditado en desenvolvemento do disposto no artigo 45 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Nesta mesma liña, o artigo 96 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, compromete, con carácter xeral, a Administración tributaria para que promova a utilización das técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos necesarios para o desenvolvemento da súa actividade e o exercicio das súas competencias, apuntando que cando sexa compatible cos medios técnicos de que dispoña, os cidadáns se poderán relacionar con ela para exercer os seus dereitos e cumprir coas súas obrigas a través de tales técnicas e medios electrónicos, informá-

ticos e telemáticos coas garantías e requisitos previstos en cada procedemento.

Desde 1998, ano en que comezou a presentación de declaracións tributarias por vía telemática, foise incrementando paulatinamente o número de declaracións e autoliquidacións susceptibles de presentación por esa vía, na medida en que o permitiron os recursos técnicos e humanos da Axencia Tributaria. As tecnoloxías da información e as comunicacións permiten superar as barreiras de tempo e espazo que aínda separan o cidadán da Administración. Permítenlles relacionarse con elas sen colas nin esperas, axilizar e facilitarlles en maior medida aos obrigados tributarios o cumprimento das súas obrigas, e sobre todo, facilitan o acceso dos cidadáns aos servizos públicos, porque o mellor servizo ao cidadán constitúe a razón fundamental destas reformas, para configurar unha Administración moderna, eficaz e eficiente nas súas relacións con eles.

A evolución da tecnoloxía asociada á internet vén poñendo de manifesto a crecente utilización desta vía nas relacións entre os obrigados tributarios e a Axencia Tributaria fronte á utilización doutros medios como son os modelos de presentación en papel. Ademais, a experiencia xestora pon de manifesto as vantaxes da vía telemática fronte a outras formas de presentación. Por isto, considérase que actualmente se dan as condicións idóneas para potenciar a utilización da internet como medio de presentación de declaracións e de restrinxir o uso dos soportes directamente lexibles por ordenador unicamente para aquelas declaracións anuais de operacións que conteñan máis de 49.999 rexistros declarados.

Por outro lado a experiencia na aplicación do procedemento de presentación por vía telemática das declaracións de grandes empresas e a xeneralización desta forma de presentación para estes obrigados tributarios, así como do modelo 201 (Declaración simplificada do imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes correspondentes a establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) para aqueles declarantes que teñan forma de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada, fai que se considere necesario, para este colectivo de contribuíntes, establecer de forma obrigatoria a presentación telemática das autoliquidacións modelos 110, 115, 117, 123, 124, 126, 128, 202, 300 e das declaracións resumo anual ou informativas modelos 180, 187, 193, 198, 345, 347, 349 e 390, presentación que se efectuará de acordo coas normas reguladoras actualmente existentes.

Cómpre indicar por último que, no que respecta ao modelo 187, co obxectivo de facer posible a súa presentación telemática pola internet, nos artigos 5 e 6 da presente orde regúlanse as condicións xerais e o procedemento de presentación.

A competencia do ministro de Economía e Facenda para establecer o procedemento de presentación telemática de declaracións tributarias deriva de normas de rango legal.

A Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, no punto 4 do seu artigo 98 habilita o ministro de Facenda para que determine os supostos e as condicións en que os obrigados tributarios deberán presentar por medios telemáticos as súas declaracións, autoliquidacións, comunicacións, solicitudes e calquera outro documento con transcendencia tributaria.

O artigo 27.6 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos establece que, regulamentariamente, as administracións públicas poderán establecer a obrigatoriedade de se comunicar con elas utilizando só medios electrónicos, cando os interesados se correspondan con persoas xurídicas ou colectivos de persoas físicas que por razón da súa capacidade

económica ou técnica, dedicación profesional ou outros motivos acreditados teñan garantido o acceso e a dispoñibilidade dos medios tecnolóxicos precisos.

As habilitacións ao ministro de Facenda indicadas nesta orde débense entender conferidas ao ministro de Economía e Facenda, de acordo co disposto no artigo 5.º e disposición derradeira segunda do Real decreto 553/2004, do 17 de abril, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais.

Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Aprobación de determinados modelos de autoliquidación.*

Apróbanse os modelos de autoliquidación que a continuación se relacionan, cada un dos cales consta dos dous exemplares seguintes:

Exemplar para o declarante.

Exemplar para a entidade colaboradora-AEAT.

a) Modelo 117. Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes. Retencións e ingresos á conta/pagamento á conta. Rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo (anexo I).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 117.

b) Modelo 123. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos do capital mobiliario. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas (anexo II).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 123.

c) Modelo 124. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas derivadas da transmisión, amortización, reembolso, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos (anexo III).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 124.

d) Modelo 126. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas obtidas pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras, incluíndo as baseadas en operacións sobre activos financeiros (anexo IV).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 126.

e) Modelo 128. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta. Rendas ou rendementos do capital mobiliario procedentes de operacións de capitalización e de contratos de seguro de vida ou invalidez (anexo V).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 128.

f) Modelo 300. Autoliquidación trimestral do imposto sobre o valor engadido (anexo VI).

O número de xustificante que deberá figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se correspondan co código 300.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación e condicións xerais da presentación telemática pola internet de determinados modelos de autoliquidación.*

1. A presentación das autoliquidacións a que se refire o presente artigo, correspondentes aos obrigados tributarios que teñan a forma xurídica de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada, deberase realizar de forma obrigatoria por vía telemática a través da internet.

As autoliquidacións a que se refire a alínea anterior son as seguintes:

Modelo 110. Retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Rendementos do traballo e de actividades económicas, premios e determinadas ganancias patrimoniais e imputacións de renda.

Modelo 115. Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos.

Modelo 117. Imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes. Retencións e ingresos á conta/pagamento á conta. Rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo.

Modelo 123. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos do capital mobiliario. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas.

Modelo 124. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas derivadas da transmisión, amortización, reembolso, troco ou conversión de calquera clase de activos representativos da captación e utilización de capitais alleos.

Modelo 126. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre rendementos do capital mobiliario e rendas obtidas pola contraprestación derivada de contas en toda clase de institucións financeiras, incluíndo as baseadas en operacións sobre activos financeiros.

Modelo 128. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta. Rendas ou rendementos do capital mobiliario procedentes de operacións de capitalización e de contratos de seguro de vida ou invalidez.

Modelo 202. Imposto sobre sociedades. Imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes e entidades en réxime de atribución de rendas constituídas no estranxeiro con presenza en territorio español) Pagamento fraccionado.

Modelo 300. Autoliquidación trimestral do imposto sobre o valor engadido.

2. A presentación telemática das citadas autoliquidacións estará suxeita ás seguintes condicións:

1.º O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF) e estar identificado no censo de

empresarios, profesionais e retedores con carácter previo á presentación do modelo de autoliquidación.

2.º O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado.

3.º Para efectuar a presentación telemática, o declarante deberá cubrir e transmitir os datos do formulario, axustado ao modelo de autoliquidación que se desexe declarar, e que estará dispoñible na páxina web da Axencia Tributaria.

3. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal: naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, esta circunstancia porase en coñecemento do presentador da declaración polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa corrección.

4. Simultaneidade do ingreso e a presentación telemática das autoliquidacións con resultado a ingresar. A transmisión telemática do citado modelo deberá realizarse na mesma data en que teña lugar o ingreso resultante deste. Non obstante o anterior, no caso de que existan dificultades técnicas que impidan efectuar a transmisión telemática da declaración na mesma data do ingreso, poderase realizar esta transmisión telemática ata o segundo día hábil seguinte ao do ingreso.

5. Os obrigados tributarios que teñan a forma xurídica de sociedade anónima ou de sociedade de responsabilidade limitada e que teñan a consideración de grande empresa seguirán presentando o modelo 117 de acordo co procedemento previsto na Orde do 22 de febreiro de 1999, pola que se aproba o citado modelo.

6. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros modelos tributarios, poderán facer uso de tal facultade respecto das autoliquidacións a que se refire este artigo.

### Artigo 3. *Procedemento para a presentación telemática pola internet de determinados modelos de autoliquidación.*

1. Se se trata de autoliquidacións a ingresar, o procedemento para a presentación telemática pola internet das autoliquidacións mencionadas no artigo anterior será o seguinte:

a) Para realizar o ingreso previo, o declarante porase en comunicación coa entidade de depósito que actúa como colaboradora na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) por vía telemática

de forma directa, ou a través da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou ben acudindo ás súas oficinas, para efectuar o ingreso correspondente e facilitar os seguintes datos:

NIF do suxeito pasivo (9 caracteres).

Exercicio fiscal (2 últimos díxitos).

Período: 2 caracteres. T ou M.

Código do modelo de documento de ingreso ou devolución que corresponda entre os seguintes: 110, 115, 117, 123, 124, 126, 128, 202, 300.

Tipo de autoliquidación = I Ingreso.

Importe a ingresar (deberá ser maior que cero).

A entidade colaboradora, unha vez realizado o ingreso, asignará un número de referencia completo (NRC) que xerará informaticamente mediante un sistema criptográfico que relacione de forma unívoca o NRC co importe ingresado.

Ao mesmo tempo, remitirá ou entregará, segundo a forma de transmisión dos datos, un recibo que conterá, como mínimo, os datos sinalados no artigo 3.3 da Orde EHA/2027/2007, do 28 de xuño, pola que se desenvolve parcialmente o Real decreto 939/2005, do 29 de xuño, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, en relación coas entidades de crédito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

b) O declarante conectarase coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet no enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e a declaración para transmitir e introducirá o NRC subministrado pola entidade colaboradora ou a conta de domiciliación do importe a ingresar.

c) A continuación procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

d) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do documento de ingreso validado cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrárase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a corrixilos no formulario de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como de ser o caso, o documento de ingreso, debidamente validados co correspondente código electrónico.

2. Se o resultado da declaración é a devolver ou a compensar, ou corresponde a un período sen actividade, procederase como segue:

a) O declarante conectarase coa Axencia Estatal de Administración Tributaria a través da internet, no enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es), e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e o modelo de autoliquidación para transmitir.

b) A continuación procederá a transmitir a declaración coa sinatura electrónica, xerada ao seleccionar o certificado de usuario previamente instalado no navegador para tal efecto.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada a presentar declaracións en representación de tercei-



ras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do formulario validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación. No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostrárase en pantalla a descrición dos erros detectados. Neste caso, deberase proceder a corrixilos no formulario de entrada, ou repetindo a presentación se o erro fose orixinado por outro motivo.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, debidamente validada co correspondente código electrónico.

3. Se o resultado da autoliquidación correspondente é a ingresar e se presenta con solicitude de compensación, aprazamento ou fraccionamento, será de aplicación o previsto nos artigos 71 e seguintes da Lei 58/2003, xeral tributaria e 55 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, e nos artigos 65 da Lei 58/2003, xeral tributaria e 44 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, respectivamente.

O procedemento de transmisión telemática das declaracións con solicitude de aprazamento ou fraccionamento, solicitude de compensación, simple recoñecemento de débeda ou solicitude de anotación en conta corrente tributaria será o previsto nos puntos anteriores, coa particularidade de que, xunto á autoliquidación, os declarantes deberán enviar por vía telemática pola internet ao rexistro telemático da Axencia Estatal de Administración Tributaria o documento correspondente establecido na normativa para cada tipo de solicitude das mencionadas anteriormente, de acordo co previsto na Resolución do 23 de agosto de 2005, da Dirección Xeral de Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se regula a presentación de determinados documentos electrónicos no seu rexistro telemático xeral.

#### Artigo 4. *Formas de presentación de determinados modelos de declaracións informativas e resumos anuais.*

1. A presentación dos modelos de declaración a que se refire o presente artigo e que correspondan a obrigados tributarios que teñan a forma xurídica de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada realizarase consonte os criterios que a seguir se especifican:

a) As declaracións que conteñan ata 49.999 rexistros deberán presentarse por vía telemática a través da internet consonte as condicións xerais e os procedementos establecidos, respectivamente, nas normas reguladoras da presentación dos modelos de declaración enumerados no punto 5 do presente artigo.

b) As declaracións que conteñan máis de 49.999 rexistros deberán presentarse por vía telemática por teleproceso ou, de ser o caso, en soporte directamente lexible por ordenador conforme o establecido nas normas reguladoras da presentación dos modelos de declaración enumerados no punto 5 do presente artigo.

O soporte directamente lexible por ordenador deberá cumprir as seguintes características:

Tipo: CD-R (Compact Disc Recordable) de 12 cm.

Capacidade: ata 700 MB.

Formato ISO/IEC DIS 9660:1999, con extensión ou sen extensión Joliet.

Non multisesión.

2. Coa excepción do modelo 390. Declaración resumo anual do imposto sobre o valor engadido, e calquera que sexa a natureza do obrigado tributario ou o número de rexistros declarados, tamén será posible a presentación

telemática por teleproceso axustada ao disposto na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática por teleproceso das declaracións correspondentes aos modelos 187, 188, 190, 193, 194, 196, 198, 296, 345, 347 e 349.

3. Respecto do modelo 390. Declaración resumo anual do imposto sobre o valor engadido, mantéñense os supostos 1, 2 e 3 de exclusión da presentación telemática sinalados no punto cuarto. tres da Orde do 19 de novembro de 2001 pola que se aproba o modelo 390 de declaración resumo anual do imposto sobre o valor engadido en euros.

4. Non se poderán presentar declaracións por vía telemática por teleproceso cando transcorresen máis de catro anos contados desde a finalización do prazo regulamentario de presentación de cada declaración. Nestes supostos, a presentación da declaración realizarase en soporte directamente lexible por ordenador.

Non obstante, a posibilidade de declaracións por vía telemática por teleproceso cando non transcorresen máis de catro anos desde a finalización do prazo regulamentario de presentación de cada declaración será aplicable, por primeira vez, para as declaracións correspondentes ao exercicio 2005.

5. Os modelos a que se refire o presente artigo son os seguintes:

Modelo 180. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas ou rendementos procedentes do arrendamento ou subarrendamento de inmobles urbanos. Resumo anual.

Modelo 187. Declaración informativa de accións ou participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas, imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións.

Modelo 193. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Retencións e ingresos á conta sobre determinados rendementos do capital mobiliario. Imposto sobre sociedades e imposto sobre a renda de non-residentes (establecementos permanentes). Retencións e ingresos á conta sobre determinadas rendas. Resumo anual

Modelo 198. Declaración anual de operacións con activos financeiros e outros valores mobiliarios.

Modelo 390. Declaración resumo anual do imposto sobre o valor engadido.

Modelo 345: Plans, fondos de pensións, sistemas alternativos, mutualidades de previsión social, plans de previsión asegurados, plans individuais de aforro sistemático, plans de previsión social empresarial e seguros de dependencia. Declaración anual.

Modelo 347. Declaración anual de operacións con terceiras persoas.

Modelo 349. Declaración recapitulativa de operacións intracomunitarias.

#### Artigo 5. *Condicións xerais para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 187.*

1. Condicións para a presentación. A presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 187 estará suxeita ás seguintes condicións:

a) O declarante deberá dispor de número de identificación fiscal (NIF).

b) O declarante deberá ter instalado no navegador un certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica

Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acordo co previsto na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, polo que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se a presentación telemática vai ser realizada por unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, será esta persoa ou entidade autorizada quen deberá ter instalado no navegador o seu certificado de usuario.

2. Para efectuar a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 187, o declarante, ou, de ser o caso, o presentador autorizado, deberá transmitir os ficheiros axustados aos deseños de rexistros tipo 1 e 2 establecidos na Orde do 15 de decembro de 1999, pola que se aproba o citado modelo.

3. Presentación de declaracións con deficiencias de tipo formal. Naqueles casos en que se detecten anomalías de tipo formal na transmisión telemática de declaracións, esta circunstancia porase en coñecemento do declarante polo propio sistema mediante as correspondentes mensaxes de erro, para que proceda á súa corrección.

4. As persoas ou entidades autorizadas a presentar por vía telemática declaracións en representación de terceiras persoas, de acordo co disposto no Real decreto 1377/2002, do 20 de decembro, que desenvolve a colaboración social na xestión dos tributos para a presentación telemática de declaracións, comunicacións e outros documentos tributarios e na Orde HAC/1398/2003, do 27 de maio, pola que se establecen os supostos e condicións en que se poderá facer efectiva a colaboración social na xestión dos tributos, e se estende esta expresamente á presentación telemática de determinados modelos de declaración e outros modelos tributarios, poderán facer uso de tal facultade respecto da declaración a que se refire este artigo.

#### Artigo 6. *Procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes ao modelo 187.*

1. O procedemento para a presentación telemática das declaracións correspondentes ao modelo 187 será o seguinte:

a) O declarante conectarase á páxina da Axencia Estatal de Administración Tributaria na internet, enderezo electrónico [www.agenciatributaria.es](http://www.agenciatributaria.es) e seleccionará, dentro da oficina virtual, o concepto fiscal e o tipo de declaración para transmitir.

b) A continuación, procederá a transmitir a correspondente declaración coa sinatura electrónica xerada ao seleccionar o certificado de usuario X.509.V3 expedido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, ou calquera outro certificado electrónico admitido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se o presentador é unha persoa ou entidade autorizada para presentar declaracións en representación de terceiras persoas, requirirase unha única sinatura, a correspondente ao seu certificado.

c) Se a declaración é aceptada, a Axencia Estatal de Administración Tributaria devolveralle en pantalla os datos do rexistro tipo 1 validados cun código electrónico de 16 caracteres, ademais da data e hora de presentación.

No suposto de que a presentación fose rexeitada, mostraranse en pantalla os datos do rexistro tipo 1, e a descrición dos erros detectados, debendo procederse á súa corrección.

O presentador deberá imprimir e conservar a declaración aceptada, así como o rexistro tipo 1 debidamente validado co correspondente código electrónico.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

A partir da entrada en vigor desta orde quedan derogados todos aqueles preceptos de ordes ministeriais que regulan normas de presentación de declaracións que se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado e terá efectos para os resumos anuais e declaracións informativas sinaladas na presente orde cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2008 e para as autoliquidacións cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de abril de 2008.

Non obstante, a obrigatoriedade de presentación telemática das autoliquidacións do artigo 2 será exigible para aquelas cuxo prazo regulamentario de presentación se inicie a partir do 1 de outubro de 2008.

Madrid, 23 de novembro de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

*(Os modelos a que alude esta orde poden consultarse, en castelán, no BOE núm. 286, do 29 de novembro de 2007, páxinas 48837 a 48848.)*

**20553** *ORDE EHA/3462/2007, do 26 de novembro, que desenvolve para o ano 2008 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 287, do 30-11-2007.)*

O artigo 32 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o artigo 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, establecen que o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido se aplicarán ás actividades que determine o ministro de Economía e Facenda. Por tanto, esta orde ten por obxecto darlles cumprimento para o exercicio 2008 aos mandatos contidos nos mencionados preceptos regulamentarios.

Esta orde mantén a estrutura da Orde EHA/804/2007, do 30 de marzo, que desenvolve para o ano 2007 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido. Non obstante, debido á elevación dos custos de produción, redúcense os índices de rendemento neto aplicables no método de estimación obxectiva a determinadas actividades agrícolas e gandeiras.

Por outra parte, de acordo co previsto na orde para 2007, na disposición adicional primeira procédese á redución de determinados signos, índices ou módulos aplicables ás actividades de transporte, para paliar o efecto producido polo prezo do gasóleo no exercicio 2007 nestas actividades económicas.

De igual xeito, na disposición adicional segunda, establécense medidas provisionais para a determinación dos pagamentos fraccionados no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e redúcense as porcentaxes aplicables para o cálculo das